

RESUMO: COMO SE ORGANIZA O SISTEMA PRODUTIVO?

- A obtención de **bens e servizos** require dunha serie de recursos básicos (factores de produción):

1. Recursos naturais:

a) Materias primas: empréganse para elaborar outros produtos.

b) Fontes de enerxía que xeran a forza necesaria para mover a maquinaria.

2. O traballo: é a achega realizada polas persoas no proceso de produción. Tamén garda relación coa formación e a experiencia.

3. O capital: capital físico (fábricas, maquinaria) e capital económico/financeiro.

4. A tecnoloxía e o coñecemento: conxunto de avances científicos aplicados á produción.

OS AXENTES ECONÓMICOS

Os **axentes económicos** interveñen tomando decisión que teñen importantes consecuencias no sistema produtivo:

1. As persoas: traballan a cambio dun salario. Este salario adoita dedicarse á compra dos bens e servizos que ofertan as empresas e tamén para pagar impostos ao Estado.

2. As empresas: realizan a produción e distribución de bens e dan emprego ás persoas.

3. O Estado: finánciase a través dos impostos que pagan as empresas e os cidadáns. A diferenza das empresas, o Estado non busca un beneficio económico.